

Modificacións no percorrido das liñas 5, 12, C2 e C4 có inicio da fase IV das obras na rotonda de Conxo (a partir das 10:30 do mércores 2 de decembro de 2015)

A partir das 10:30 do mércores 2 de decembro e por tempo indefinido, as liñas 5, 12, C2 e C4 do transporte urbano realizarán os desvíos que se indican de seguido.

- ***Liña 5:***

*Sentido Vite – Rocha: continuará a desviarse como na actualidade pola SC-20 en dirección sur ata Rocha e Rocha Vella, segundo lle corresponda por horario. Terá que acceder á SC-20 a través das rúas Ponte Pequena e Manuel Beiras, **polo que se suprime nesta dirección a parada 575 (Sánchez Freire).**

*Sentido Rocha – Vite: itinerario habitual por Poza Real e Torrente ata a parada do psiquiátrico de Conxo (412). Na rotonda, os autobuses poderán realizar de novo o carto xiro de Cornes, polo que o seu itinerario desde alí será pola rúa María Miramontes, rúa Manuel Beiras e retomarán o seu itinerario habitual pola rúa Xosé Pasín cara avda. de Ferrol. **Suprímese a parada 85, avda. Ferrol (pza. da Mercé).**

A liña 5 en dirección centro e Vite, **NON** accederá ao hospital Provincial como na anterior fase das obras, agás nas viaxes de prolongación habituais establecidas.

Do mesmo xeito, a liña **NON** circulará por Benéfica de Conxo e Torrente nos dous sentidos de circulación como na anterior fase, indo soamente en dirección Vite, do mesmo xeito que na fase 2 das obras.

- ***Liñas 12 e C4:***

Realizarán o seu percorrido habitual ata o hospital Provincial, desde donde farán o seguinte desvío: saída do hospital Provincial e cambio de sentido en Cornes, rúa María Miramontes, rúa Manuel Beiras e retomarán o seu itinerario habitual a través da rúa Xosé Pasín cara a avda. de Ferrol.

Queda suprimida a parada 85, avda. de Ferrol (praza da Mercé).

- ***Liña C2:***

Para acceder ao hospital Provincial, os autobuses realizarán o desvío que fai na actualidade: itinerario habitual ata a rúa Sánchez Freire, avda. de Ferrol, Xosé Pasín (dirección Santa Marta), Emilia Pardo Bazán, avda. da Liberdade (parada eventual ao final da mesma), aparcadoiro de Santa Marta (percorrido e paradas inverso ao habitual nesta zona) e chegada ao hospital Provincial.

Á saída do hospital Provincial e para acceder ao hospital Clínico, fará o cambio de sentido en Cornes, rúa María Miramontes, rúa Manuel Beiras, rúa Xosé Pasín, Emilia Pardo Bazán, avda. da Liberdade e acceso ao hospital Clínico, desde donde retomará o itinerario habitual.

Non se suprimirán paradas, se ben as que se realizan no treito Campo de Conxo – Roláns – avda. da Liberdade, faranse no sentido contrario ao percorrido habitual, isto é, durante o desvío serán realizadas únicamente en sentido hospital Clínico – hospital Provincial.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901120054.**

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.